

**INSTITUTO GALEGO DE CALIDADE
ALIMENTARIA**

Resolución do 18 de febreiro de 2008 pola que se delegan funcións no director do Instituto Galego de Calidade Alimentaria.

O Decreto 259/2006, do 28 de decembro, creou o Instituto Galego de Calidade Alimentaria (Ingacal), como un ente de dereito público dos previstos no artigo 12.1º b) do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto 1/1999, do 7 de outubro.

Ao abeiro das funcións asignadas á Presidencia no artigo 8 do Decreto 259/2006, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do ente público Instituto Galego de Calidade Alimentaria (Ingacal) e tendo en conta o disposto no artigo 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común,

RESOLVO:

Delegar no director do Ingacal a facultade de ser o órgano de contratación do instituto, correspondéndolle polo tanto a facultade de celebrar convenios e contratos, sen prexuízo do establecido na letra d) do artigo 6 do Decreto 259/2006, do 28 de decembro, no relativo ás competencias do consello de dirección nesta materia.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2008.

Alfredo Suárez Canal
Presidente do Instituto Galego
de Calidade Alimentaria